



## 22 de febreiro de 2025, Día Europeo e Español pola Igualdade Salarial de Mulleres e Homes

*Día Internacional contra a Fenda Salarial de Xénero*

***Contra a fenda salarial de xénero***

***Non Podemos Esperar***

***#XalmosTarde***

***Combater as desigualdades que sofren as mulleres no mercado laboral galego***

Un ano máis, a Secretaría de Mulleres e Políticas de Igualdade e LGTBI+ de CC OO de Galicia, en colaboración co Gabinete de Igualdade, denuncia o incumprimento dos dereitos económicos e laborais das mulleres, desde a posición de loita feminista das CC OO na erradicación das desigualdades entre traballadores e traballadoras no mundo do traballo e na sociedade en xeral.

As nosas intervencións no seo da negociación colectiva foron definitivas na redución da fenda salarial. Porén, malia as medidas normativas en desenvolvemento (reforma laboral e suba paulatina do SMI, obrigatoriedade dos plans de igualdade nas empresas de máis de 50 persoas traballadoras, etc.) non se reduce á velocidade que esperaríamos.

Xa que a fenda salarial é un resultado directo do conflito capital/traballo e da división sexual do traballo, as CC OO vimos denunciando que, en Galicia, a desigualdade entre as remuneracións de mulleres e de homes é intolerable: en termos absolutos, os traballadores perciben un salario anual medio de 4687 € máis sobre o das traballadoras.

Así, cada ano, o 22 de febreiro, Día Europeo pola Igualdade Salarial, fronte ao negacionismo ultradereitista e empresarial da fenda salarial de xénero, o Sindicato Nacional de CC OO elabora un informe sobre a fenda no mercado laboral galego cuxos resultados completos se publicarán co gallo do 8M, Día Internacional das Mulleres.

***A fenda salarial en cifras***

Calquera análise de cifras do mercado laboral galego corrobora o carácter estrutural da fenda de xénero en Galicia, por iso en CC OO analizamos todos os anos as medias salariais por sexos.

Esta nota recolle un extracto do informe do 8M, facendo fincapé na fenda salarial galega entre traballadoras e traballadores, para reivindicar a nosa loita continua pola súa erradicación por resultar antidemocrática.

Hai máis mulleres ca homes en Galicia, porén, non son máis traballando nin asinan máis contratos e si que rexistran un desemprego máis elevado, menor ocupación e peores salarios.

Táboa 1: A fenda salarial entre as persoas asalariadas en Galicia (2023)

FENDA SALARIO MEDIO	4.687€
FENDA Nº PERSOAS ASALARIADAS	31.650
% FENDA SALARIO MEDIO	22,49%
% FENDA PERSOAS ASALARIADAS	6,02%

Fonte: elaboración propia con datos do IGE  
 (extraídos da Axencia Estatal da Administración Tributaria.  
 Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias)

En cifras absolutas, no 2023 rexistrouse unha diferenza de 31 650 asalariados máis ca asalariadas, e a fenda no salario medio galego favoreceu os homes en máis do 22 %: 20 840 € foi o salario medio das mulleres, fronte a 25 527€ o dos homes.

No conxunto do Estado, esas cifras foron de 26 390 € de media anual de salario para os asalariados, fronte a 21 298 € de salario medio anual para as asalariadas.

Galicia sempre arrastra peores cifras ca o conxunto estatal, polo que a fenda é dobre: a de xénero e mais a que supón a desigualdade rexional. A comparativa da fenda nos salarios medios anuais en Galicia e no conxunto estatal reflicte unha situación na que as mulleres galegas gañan, de media, 458 € menos ca as mulleres no conxunto do Estado; é unha diferenza de máis do 2 %.

En medias mensuais, no 2023, o salario mensual medio en España ascendía a 2273 €, mentres que en Galicia foi de 2136 € (isto é, a fenda é de arredor dun 6 % en detrimento da nosa comunidade autónoma).

Por modalidades contractuais, de novo en Galicia a fenda é maior ca a media, pois, no caso dos salarios de contratos indefinidos, as mulleres gañaron de media, en 2023, arredor dun 24 % menos ca os homes.

Estas cifras formulan a necesidade de insistir na denuncia de que as mulleres non poden seguir **traballando “gratis” varios meses ao ano**. Esta simplificación emprégase para explicar que a fenda salarial suma o equivalente a, aproximadamente, dous meses de traballo sen remunerar. A cifra vaise acurtando cada ano, e nisto inflúe o noso esforzo reivindicativo e a nosa intervención no diálogo social e na negociación colectiva, especialmente nos plans de igualdade (neles obsérvase que a fenda nos complementos segue tendo un forte nesgo de xénero).

### **CCOO en loita fronte á fenda de xénero**

Xa tan imprescindible como o 8M, a reivindicación cada 22 de febreiro é outro dos fitos anuais das CCOO na loita en prol da igualdade. Desde a data inicial de reivindicación (2011 en España), vimos denunciando con datos os salarios peor remunerados das mulleres en Galicia e a discriminación que iso supón.

Loitamos especialmente contra a infravaloración do sector dos coidados pois, como puxo de manifesto a Pandemia, eses traballos son imprescindibles para o mantemento da vida. Porén,

nese sector os salarios son exiguos, a temporalidade e a parcialidade elevadas e, sobre todo, aínda hai un forte peso do traballo somerxido que afecta moito máis as mulleres traballadoras do fogar.

A nosa participación na negociación dos plans de igualdade nas empresas serviunos para comprender que na base da fenda salarial está a masculinización dos complementos, que premian características consideradas tradicionalmente masculinas (por exemplo, a nocturnidade, a presencialidade e a dispoñibilidade).

Tamén reivindicamos cada 22 de febreiro que a nosa loita fronte ás múltiples fendas de xénero non se limita a atallar os seus síntomas, senón que insistimos na necesidade de abordar a estruturalidade cultural que está na súa base: pelexar os estereotipos de xénero, o androcentrismo (e o machismo que o consolida) tamén é unha prioridade que traballamos mediante a sensibilización sobre os nesgos inconscientes de xénero que operan na educación social.

Esa loita materialízase de maneira contundente na participación de CCOO na negociación dos plans de igualdade nas empresas, participando no desenvolvemento dunha negociación colectiva que reforme efectivamente a estrutura laboral machista dominante, co que contribúe a erradicar a discriminación retributiva das traballadoras.

En definitiva, xa que a fenda salarial choca frontalmente co propósito democrático da igualdade, as CCOO loitamos para diminuír tanto a propia fenda como o delongado pronóstico da súa desaparición.



*Ante a fenda salarial de xénero non podemos esperar  
#XalmoTarde*